

A data de erección ou reforma da igrexa de San Pedro de Oza dos Ríos. Século XII.

Por XOSE ANTON GARCIA G.-LEDO



Fachada principal románica e campanario do século XVIII

Citase xa como mosteiro nun documento do ano 1155, no cal figura o nome dun abade chamado Suarius, o cal é sen dúbida o mesmo da inscrición que ten grabada no timpano da porta do lado norte, e que imos tratar en liñas mais adiante.


Denantes do século XV anexionóuse a San Salvador de Cines e a comenzos do XVI, ambas as dúas a San Martín Pinarío, de Santiago (1).

Ten unha nave e un ábside reitangular, como cáseque todas as desta zona; éste cuberto con bóveda de cañón de di-reitriz apuntada, como a do arco trunfal


que a ten sobor de columnas adosadas; xanela románica no testeiro do ábside; canzorros, mensulas e portas tamén da mesma época, a principal sen labra algunha no seu timpano.

Nas portas do lado norte, e no centro do timpano, vese unha cruz de forma ancorada con ornamentación xeométrica, a ambos lados dela unhas rosáceas, a da dereita con doce pontas e a da esquerda con seis, que terán que ver co Paradiso Astral, co Cosmos, o comenzo e o fin, o Sol-Lua (2).

Nas enxutas do timpano onde remata o dintel, figura unha inscrición que se refire á conmemoración da obra desta porta, ou, acaso, á reforma a que pertence ou ao erguemento da primeira igrexa.



Xanela románica do ábside



Detalle do timpano ca inscrición

Inscrición:

SVARIVS ABBAS FECIT MEMORIA
 ERA : T̄ : C̄ : L V̄ II II.
 ET Q(VOTVM) III ID(V)S F(E)RB
 (VARI) =

“O Abade Sueiro puxo esta lembranza na era milésima centésima quincuaxésima nona e na data do catro das idus de Febreiro.”

OBSERVACIÓNS:

O catro das idus de Febreiro da era 1149 é o dez de Febreiro do ano 1111.

Na parte da datación, empreganse interxecións nas liñas primeira e cuarta, raiñas horizontais sobrepostas distintivas de emprego numeral encol da T̄ das milésimas, C̄ das centésimas e L̄ das decenas, así como enriba de dous paus da unidade II, mentras cas outras dúas levana contraposta.

Na liña terceira, a E é minúscula; a Q é abreviatura de QVOTVM, termo moi empregado en fechacións; na liña coarta, a O denota o remate de (QVART)O =, entendese DIE.

Na derradeira liña, o lapicida ou escriba cometeu o erro de escribir FRB en vez de FBR (=FEBRVARI) cicais porque o guiaba unha pronunciación FERBEIRO ou FEREBEIRO por FEBREIRO.




A Cruña, 7 do mes de Santos de 1982

BIBLIOGRAFÍA:

- (1) MARTINEZ MORAS, F., 1905. Publicada na Voz de Galicia do 7 de setembro.
- (2) FELIPE-SENEN, 1981. A rosácea: Arqueoloxía e simboloxía dunha figura xeométrica. Brigantium. Bol. Museu Arqu. Hist. vol. 2 pp. 83-104. A Cruña.



Porta do lado Norte



Eirexa de San Pedro de Oza dos Ríos.- Alzado lateral e planta. Por X. Ramón de Soraluce.